



# **INFORME ANUAL DE SEGUIMIENTO**

**Grao en Bioloxía**



**Curso Académico: 2013-2014**  
**Aprobado pola Comisión de Calidade 31/10/2014**

## 1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO OBXECTO DE SEGUIMENTO

DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO	
Denominación do título	Graduado ou Graduada en Bioloxía
Códigos identificativos (aplicación Verifica e MEC)	1563/2009      2501101
Rama de coñecemento	Ciencias
Universidade solicitante	Santiago de Compostela
Centro responsable das ensinanzas conducentes ao título ou, no seu caso, departamento ou instituto	Facultade de Bioloxía
Centro onde se imparte o título	Facultade de Bioloxía
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/s participante/s	_____
Responsable do título	Decana: M <sup>a</sup> Luz González Caamaño
Correo electrónico do responsable do título	<a href="mailto:zbiodeca@usc.es">zbiodeca@usc.es</a>
Curso de implantación do título	2009-2010
Data última acreditación	
Órgano responsable da elaboración do informe anual de seguimento	Comisión do título
Órgano responsable da aprobación do informe anual de seguimento	Comisión de calidade

<b>2. INFORMACIÓN PÚBLICA QUE A UNIVERSIDADE FACILITA DE CADA UN DOS SEUS TÍTULOS</b>	
<b>Información pública</b>	<b>Páxina web da Universidade/Centro/Título...</b>
Denominación do título	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Número de créditos e duración do título	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Centro responsable do título ou, no seu caso, departamento ou instituto	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Coordinador/a e/ou responsable do título	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Centro/s onde se imparte o título	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidad/es participante/s	
Tipo de ensinanza	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Idiomas en que se imparte o título	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Saídas profesionais/Profesións reguladas para as que capacita/Prefil de egreso	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Normativa de permanencia	<a href="#">Paxina web da Facultade</a> <a href="#">Páxina web da Universidade</a>
Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos	<a href="#">Paxina web da Facultade</a> <a href="#">Páxina web da Universidade</a>
Memoria vixente do título	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Obxectivos do título	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Competencias xerais	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Competencias específicas	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Criterios de acceso e admisión	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Procedemento de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Plan de acción tutorial	
Perfil de ingreso recomendado	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Condicións ou probas de acceso especiais, se existen	

Programas de mobilidade	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existe <sup>1</sup>	
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudante, se fose o caso	
Estrutura do programa formativo: denominación do módulo ou materia, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter obrigatorio ou optativo	<a href="#">Paxina web da Universidae</a>
Horarios	<a href="#">Paxina web da Facultade</a>
Guías docentes/Programación docente <sup>2</sup>	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> <a href="#">Páxina web da Facultade</a> (criterios de avaliación)
Traballo fin de grao/máster (comisión, convocatorias, etc.)	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Información sobre as prácticas externas, se as houbera (entidades colaboradoras,...)	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto... )	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Descrición doutros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Aulas e seminarios	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Laboratorios	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Salas de informática	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Salas de estudo	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Biblioteca	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Outros servizos dispoñibles	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Espazos para os representantes de estudantes	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Taxa de graduación	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> (na lapela de "outra información)
Taxa de abandono	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> (na lapela de "outra información)
Taxa de eficiencia	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> (na lapela de "outra información)
Taxa de rendemento	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> (na lapela de "outra información)
Taxa de éxito	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> (na lapela de "outra información)
Taxas de inserción laboral	<a href="#">Páxina web da Universidade</a> (na lapela de "outra información)
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docentia)	<a href="#">Páxina web da Universidade</a>
Órgano responsable do sistema de garantía de calidade do título	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Política e obxectivos de calidade	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>
Manual e procedementos do SGC	<a href="#">Páxina web da Facultade</a>

---

<sup>1</sup> **Curso ponte:** centro/s en que se imparte, número de prazas ofertadas, criterios acceso e admisión, probas de acceso se existen, información previa á matriculación, número de créditos do curso, itinerarios formativos, transferencia e recoñecemento de créditos, modalidades de impartición, normativa de permanencia, guías docentes das materias a cursar.

<sup>2</sup> **Tipo de materia, número de créditos, competencias, contidos, metodoloxía, sistema de avaliación, titorías, calendario e horario, responsable docente, idiomas en que se imparte.**

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
1. Descrición do título							
<i>Valorarase o criterio de "Descrición do título" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007).</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio <sup>3</sup>							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:</b>  No curso académico 2013-2014 a matrícula de novo ingreso foi de 163 alumnos, dos cales 148 corresponden a estudantes que se matricularon no primeiro curso por primeira vez e o resto, proveñen na súa maioría da licenciatura (en proceso de extinción). Polo tanto pódese considerar que a oferta de prazas reflectidas na memoria de verificación do título (MVT) é axustada á matrícula de inicio de estudos. A gran maioría do alumnado de novo ingreso cursou o Bachelato da rama de Ciencias e Tecnoloxía, que se adecúa ao perfil recomendado na MVT; creemos que sería interesante coñecer as materias optativas cursadas polo alumnado no último curso do Bachelato, polo que se propón a realización dunha enquisa no acto de presentación ao alumnado de primeiro.							
<b>BOAS PRÁCTICAS<sup>4</sup>:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :</b>							

<sup>3</sup> Niveis de valoración:

\* **Satisfactorio (A):** existen evidencias documentais que apoian a presunción dunha realización ordenada e sistemática de accións relacionadas co criterio. Ademais desenvólvense dun xeito eficaz, medible e de acordo a unhas responsabilidades perfectamente definidas.

\* **Suficiente (B):** existen evidencias documentais acerca da realización de actividades relacionadas co

elemento que permiten supoñer que, polo menos, nos seus aspectos básicos se desenvolven de maneira recorrente e ordenada, aínda que existan aspectos secundarios non contemplados.

\* **Insuficiente (C)**: existen evidencias puntuais da existencia de contidos relacionados coa cuestión formulada polo elemento pero non se axustan, na súa totalidade, aos criterios establecidos, non están correctamente definidos ou non se formulan de maneira sistemática.

\* **Ausencia de evidencias documentais (D)**: non existen evidencias documentais sobre o cumprimento da cuestión formulada polo elemento ou as que existen son inadecuadas.

<sup>4</sup> **Enténdese por boa práctica**: proxecto, programa, técnica ou medio de xestión, implantado de forma complementaria/suplementaria ao establecido na memoria de verificación, que cumpre as seguintes características: xera un impacto positivo no título, podería ser replicado no restos dos títulos, implica un aproveitamento eficaz das oportunidades, demostra creatividade no seu enfoque dun problema, implica efectividade dos recursos...).

3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO							
<b>2. Xustificación</b>							
<i>Valorarase o criterio de "Xustificación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e obxectivos de calidade da formación" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
<b>Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</b>							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<b>Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións</b>							
<p>Tendo en conta que no curso académico 2013-2014 a oferta de prazas foi cuberta nun 98,67% o interese do título é evidente.</p> <p>A medida da implantación do Grao, foise incrementando a porcentaxe de alumnado preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas, pasando dun 40.67% no curso académico 2011-2012 a un 61.33% no curso académico 2013-2014.</p>							
<b>BOAS PRÁCTICAS:</b>							
<b>PROPOSTAS DE MELLORA:</b>							
<b>BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :</b>							



### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 3. Competencias

Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---


#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

As programacións das materias recollen as competencias que, de acordo coa MVT, se desenvolven nelas. Para garantizalo, a titulación conta cun **procedemento sistematizado no cal, anualmente, as guías docentes das materias son elaboradas polos seus profesores responsables de acordo co POD, son revisadas polos coordinadores de cada curso, os cales poden facer suxerencias de modificación ou emenda de erros aos profesores responsables, e finalmente son sometidas a aprobación por parte da Comisión de Docencia.**

Para valorar o **progreso na adquisición das competencias** utilízanse o resultados das enquisas realizadas aos grupos de interés (docentes, alumnado, titores profesionais, egresados).


**Os egresados** (tamaño da mostra= 3 enquisas, escala de valoración entre 1 e 5, período de realización setembro-2014) amosaron en xeral un bo grado de satisfacción cas competencias adquiridas, tal como se amosa o seguinte gráfico. Para todas as competencias incluídas na enquisa a valoración global foi igual ou superior a 3, e destaca a elevada valoración obtida nas competencias "Pensamento crítico" e "Capacidade de aprendizaxe autónoma" (valoración=4.33). Os egresados amosaron un bo grado de satisfacción ca formación teórica recibida (valoración =4) pero non tanto ca formación práctica (valoración = 3). A súa valoración da utilidade das prácticas externas foi moi elevada (valoración = 5) e o seu grado de satisfacción global co profesorado foi de 3.33 sobre 5.

#### Satisfacción de egresados (2014)



**Os estudantes do curso 2013/14** amosaron, para as 14 preguntas incluídas na enquisa, un grado de satisfacción superior a 3 (nunha escala de 1 a 5); para este colectivo, destacan as elevadas valoracións (superiores a 4) obtidas nas preguntas "Explica a programación da materia e os criterios de avaliación ao comezo da súa actividade docente", "Resolve as dúbidas que se lle formulan" e "Cumpre co programa e o plan de traballo previsto". En definitiva, o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida pode calificarse de bo.

### Satisfacción do alumnado coa docencia recibida 2013/14




**En canto á satisfacción do alumnado cas prácticas externas** (tamaño da mostra= 16 enquisas, escala de valoración entre 1 e 5, período de realización setembro-2014), para as 7 preguntas incluídas na enquisa, os estudantes amosaron sempre un grado de satisfacción superior a 3; neste apartado destacan as elevadas valoracións obtidas nas preguntas “As prácticas realizadas resultáronme útiles e foron un bo complemento para a miña formación” (valoración = 4), “As instalacións e medios materiais cos que contei na empresa/institución foron suficientes” (valoración = 3.88) e “En xeral, estou satisfeito/a coa práctica realizada” (valoración=3.88), polo que pode concluirse que os estudantes están globalmente satisfeitos coas prácticas externas.


### Satisfacción do alumnado coas prácticas externas (2014)



**No relativo á satisfacción dos titores externos profesionais coas prácticas externas** (tamaño da mostra= 17 enquisas, escala de valoración entre 1 e 5, período de realización setembro-2014), os titores externos profesionais valoraron sempre cunha puntuación superior a 3 as 6 preguntas incluídas na enquisa; neste apartado destacan as elevadas valoracións obtidas nas preguntas “Valore o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas” (valoración = 4.59), “Valore o grao de integración do alumnado no medio de traballo” (valoración= 4.41) e “Indique o seu grao de satisfacción xeral coa práctica realizada polo alumnado” (valoración=4.35). As dúas preguntas máis relacionadas ca formación e adquisición de competencias por parte dos estudantes (“Valore a formación inicial de coñecementos teórico-prácticos do alumnado” e “Valore a formación inicial de competencias profesionais do alumnado”) recibiron una puntuación máis moderada (3.59 pts), pero que aínda así pode considerarse satisfactoria tendo en conta que se trata da opinión de profesionais cunha ampla experiencia laboral respecto dos coñecementos e competencias de estudantes que aínda non remataron o grao.



**Unha análise máis pormenorizada da avaliación dos estudantes en prácticas externas por parte dos seus titores externos** profesionais (é dicir, a avaliación do tutor externo que vai determinar en gran medida a cualificación final do estudante na materia “Prácticas Externas”), amosa que os titores externos profesionais valoran de forma moi positiva todas as competencias, habilidades e comportamento xeral dos estudantes do Grao en Bioloxía (tamaño da mostra= 72 avaliacións).



**A satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas** (tamaño da mostra= 10 enquisas, escala de valoración entre 1 e 5, período de realización setembro-2014) pode valorarse tamén como moi positiva, xa que as 5 preguntas da enquisa amosaron valores superiores a 3 pts, y catro delas valoracións superiores a 4 puntos. A valoración máis baixa, de 3.9 pts corresponde á pregunta “Indique o seu grao de satisfacción coa comunicación e coordinación coas empresas/institucións ou entidades de prácticas”.

### Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas (2014)



- A valoración personalizada dos titores externos sobre as competencias, habilidades e comportamento xeral dos estudantes do Grao en Bioloxía é muy boa/excelente
- Os titores externos valoran de forma relativamente baixa os coñecementos teórico-prácticos iniciais e a formación competencial inicial dos estudantes de prácticas externas, pero isto é lóxico (o grao por definición é xeneralista, pero nas prácticas externas o estudantado atópase cunhas situación laborais muy concretas e específicas; por outra banda, trátase da opinión/valoración de profesionais cunha ampla experiencia laboral respecto dos coñecementos e competencias de estudantes que aínda non remataron o grao
- O Alumnado está satisfeito, en xeral, coas prácticas externas, excepto quizáis pola súa corta duración e porque as actividades desenvolvidas na empresa/institución non cumpren demasiado cas expectativas que tiñan os estudantes; isto é lóxico, porque seguramente os estudantes esperan ter un grao de responsabilidade e participación nas actividades da empresa que ésta non lles pode otorgar debido a brevidade da estancia do estudante na empresa e a súa falta de experiencia laboral específica para o posto que desempeña. Nembargantes, os estudantes egresados otorgan a máxima valoración (5 pts) á utilidade das prácticas externas como mecanismo para completar a súa formación.
- A satisfacción do estudantado coa docencia recibida pode calificarse de boa. Nembargantes, neste punto chama a atención a valoración relativamente baixa que os estudantes de grao otorgan ao ítem “O profesorado propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma” (valoración = 3.37), que contrasta coa elevada valoración que os estudantes egresados otorgan ás preguntas “Pensamento crítico” e “Capacidade de aprendizaxe autónoma” (valoración=4.33).

**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 4. Acceso e admisión de estudantes

Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Os indicadores relacionados co proceso de acceso e admisión de estudantes indícanse na seguinte táboa:

	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013	2013-2014
IN01-PC-05 Prazas ofertadas	150	150	150	150	150
IN02-PC-05 Matrícula	156	304	432	562	634
IN03-PC-05 Matrícula de novo ingreso	147	149	145	174	163
IN04-PC-05 Matrícula de inicio de estudos	142	149	144	145	148
IN05-PC-05 Variación da matrícula de inicio de estudos	-	4,93	-3,36	0,69	2,07
IN06-PC-05 Nota media de acceso preinscripción	-	-	-	8,86	9,0
IN07-PC-05 % Estudantes accederon con puntuación $\geq 6$	78,26	95,3	100	97,93	97,28
IN08-PC-05 % Estudantes extranxeiros	1,58	0	0,69	0,53	0,95
IN09-PC-05 % Estudantes nacionais de fóra de Galicia	3,85	3,62	2,08	4,96	3,63
IN10-PC-05 Matriculados/preinscritos 1ª opción/Prazas ofertadas	95,33	93,33	92,67	61,33	62,0
IN12-PC-05 % Matriculados/Oferta	95,3	99,3	96,7	116	98,67
IN23-PC-12 Satisfacción egresados información pública					2,53

Os mecanismos de información previos á matriculación, así coma os procedementos de acceso e admisión, o sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, os de acollida e orientación dos estudantes, propostos na MTV (Apdo. 4) e difundidos na web da Universidade (perfil do estudante) e do centro, seguen sendo válidos. Para contribuír á integración dos estudantes no Centro e na Universidade, elaborouse unha guía do estudante con toda a información de interese integrada ([http://www.usc.es/gl/centros/biologia/modules/destacados/news\\_0006.html](http://www.usc.es/gl/centros/biologia/modules/destacados/news_0006.html)).


Os procesos de acceso, admisión e matrícula son regulados pola Normativa xeral da USC. O proceso se executa de forma eficiente, e só persisten algúns desaxustes entre calendarios (probos PPAU de setembro) que retrasen a incorporación de algúns alumnos ás clases do grao que se inician na primeira semán en setembro. O calendario de exames da licenciatura xa foi adaptado ao calendario vixente para grao, polo que este problema xa non existe. De selo caso, dende o decanato se facilita a inclusión dos estudantes que acceden tarde ao grao, para incorporalos aos grupos de docencia interactiva que teñen calendarios con datas máis demoradas, de xeito que non perdan docencia.

A facultade continúa a colaborar de forma sistemática con programas de información, estimulación e captación de estudantes (programa "A Ponte" da USC, Olimpíada de Bioloxía, Campus Científico de Verán para estudantes de bacharelato).


A nota media dos estudantes preinscritos é elevada (9,0) e incrementouse lixeiramente dende o curso anterior. A práctica totalidade dos estudantes que acceden ao grao o fan cunha puntuación  $\geq 6$  (97,3% dos estudantes).

Con respecto á procedencia xeográfica dos estudantes, como é lóxico aproximadamente un 50% do estudiantado do grao procede da provincia de A Coruña, e soamente un 4% do estudiantado procede de fora de Galicia. Non obstante, cabe suñar que porcentaxes significativas de estudantes procedentes das provincias de A Coruña e de Pontevedra proceden dos Concellos de A Coruña (19 estudantes; 6,1% dos estudantes da provincia) e de Vigo (16 estudantes; 10,1% dos estudantes da provincia), concellos onde tamén existe a posibilidade de estudar o grao en bioloxía.

**Procedencia geográfica 2013-2014  
(Galicia) TOTAL=611**




**Procedencia geográfica 2013-2014  
(fuera de Galicia) TOTAL=25**



O indicador IN23-PC-12 de satisfacción dos egresados ca información pública amosa un valor baixo (2,53), acorde ca baixa valoración xeral que amosan es egresados (3 enquisas) nos diferentes ítems relacionados co proceso de acceso e admisión de estudantes e que se amosan no seguinte gráfico. Nembargantes, aparte do baixo tamaño da mostraxe, estas valoracións resultan difíciles de interpretar debido a que nos diferentes ítems mixturanse cuestións relativas a o propio centro, á universidade, ás unidades de xestión académica e a outras fontes de información. Destacan as valoracións relativamente elevadas ( $\geq 3$ ) dos ítems "Grao de satisfacción coa automatrícula a través da web ou Secretaría Virtual", "Información dispoñible sobre datas, prazos e documentación necesaria matrícula/acceso/admisión", "Información dispoñible sobre datas, prazos e documentación necesaria (trámites de xestión académica)", "Grao de satisfacción cos trámites a través da Secretaría Virtual (se hai esa posibilidade)(trámites de xestión académica)", "Información recibida da Páxina web da Universidade de Santiago de Compostela", "Grao de satisfacción coa matrícula presencial" e "Tempo destinado á formalización do trámite e cuestión(trámites de xestión académica)". A baixa valoración acadada no ítem "Información na propia Facultade/Escola ou Título (web propia, presentacións,...)" chámamos moito a atención, xa que tanto no Decanato (a nivel persoal), como na web propia do grao se proporciona una información moi completa sobre todo o relacionado co proceso de acceso e admisión de estudantes, e ao inicio de todos os cursos organízase para os estudantes de primeiro curso una recepción na que se lles presenta ao equipo Decanal, aos coordinadores de curso e grao, e se lle ofrece abundante información sobre os servizos dos que dispoñen no centro (wifi, biblioteca, salas de traballo.....)

**Satisfacción de egresados acceso e admisión (2014)**



**BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**



### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 5. Planificación das ensinanzas

Valorarase o criterio de “Planificación das ensinanzas” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e as directrices de “Planificación da ensinanza”, “Garantía da calidade dos programas formativos” e “Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe” do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

En relación co criterio analizaronse os seguintes indicadores/evidencias.

O porcentaxe de actas fora de prazo do curso 2013/14 foi dun 17.71 (XA-04), o que reflicta unha diminución con respecto ao curso anterior (21.65 %); consideramos que é un resultado moi satisfactorio, e que esta diminución pode estar relacionada coa comunicación por mail desde o Decanato, a todo o profesorado da Facultade de Bioloxía da data final de peche de actas.

O procedemento de elaboración anual e aprobación das Guías docentes das materias no curso 2013-14 foi levado a cabo da mesma forma que se describiu no autoinforme 2012-13. No procedemento de elaboración e aprobación das guías docentes revisáronse especificamente as competencias traballadas, contidos do programa, metodoloxías da ensinanza utilizada e criterios de avaliación.

En relación coa coordinación docente, no curso 2013-14 leváronse a cabo reunións entre os coordinadores de curso e os responsables das materias, para tratar especificamente os posibles solapamentos dos contidos das materias. Os coordinadores comunicaron os membros da Comisión de Docencia as conclusións das reunións e as modificacións das guías docentes nas que se tiña que realizar algún tipo de axuste, sendo aprobadas as guías docentes pola Comisión de Docencia.

En canto ao grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46G-S01-PM-O1 e informe complementario 13), a valoración global obtida no curso 2013/14 foi elevada, un 3,74 (max. 5). Por outra parte, a valoración específica de ítems relacionados co grao de cumprimento da programación e coordinación das materias seguen tendo como no curso 2012/13 unha elevada valoración, como se reflicta na seguinte taboa:

Item		Curso 2013/14
1	Explica a programación da materia e os criterios de avaliación	4,06
2	Cumple co programa e plan de traballo previsto	4,2
11	Hai coordinación entre profesores da materia	3,65
14	Satisfacción global	3,75

Realizando unha análise do informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (Informe complementario 14) e destacable que a media do ítem 8 (A coordinación entre os/as distintos/as profesores/as da materia foi efectiva) tamén é moi elevada, un 4,30 sobre 5; aínda que a percepción desta coordinación parece variar dependendo do grupo de interese do que falemos. Na mesma enquisa, o ítem 1 (o nivel co que chega o alumnado (coñecementos e habilidades) e suficiente para afrontarse aos contidos da materia) ten a media máis baixa de toda a enquisa, un 3,12; creemos que en relación con este ítem sería moito máis interesante coñecer unha media por curso, que ter un valor global de toda a titulación, xa que esta valoración pode mostrar diferenzas dependendo por exemplo de si esta pregunta vai referida a alumnos de 1º ou de 4º de Grao.

As prácticas externas desenvolvéronse de forma adecuada e como no curso anterior os convenios coas entidades colaboradoras, firmados pola Facultade, foron suficientes. O porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresa e institución (IN22G-PC-09) foi dun 98,53%. No curso 2013/14 estableceronse ademais, convenios entre a Facultade de Bioloxía e grupos de investigación co fin de incrementar o número de postos de prácticas. As enquisas de satisfacción do alumnado e titores académicos reflexan un elevado grao de satisfacción en ambos grupos de interese (3,88 e 4,20, respectivamente). Por outra parte, o grao de satisfacción dos titores profesionais tamen é excelente, un 4,35.

A defensa dos TFG realizouse de acordo co calendario marcado; o vicerreitorado con competencias atendendo as peticións realizadas dende os centros ampliou o período de defensa nas dúas oportunidades (Xullo e Setembro); consideramos que esta ampliación foi moi positiva, xa que permitiu ao centro establecer na oportunidade de Xullo dúas datas para a defensa dos TFG, de tal forma, que todos aqueles alumnos que xa na 1ª oportunidade cumpriron os requisitos, puideron levar a cabo a defensa do TFG o antes posible; e por outra parte, consideramos que facilita a organización e funcionamento dos tribunais de avaliación. Como se reflexa no autoinforme anterior, algúns dos alumnos que defenderon o TFG en Setembro acusaron problemas de datas para matricularse nalgún máster, xa que o peche de actas do TFG remata o día 30 de Setembro; xa que no curso 2013-14 o peche de actas do TFG rematou na mesmas datas creemos que como no ano anterior, algúns alumnos poideron ter problemas para levar a cabo a matrícula nun máster.

Como se mencionou no informe anterior, a mobilidades de estudantes regúlase a través da normativa vixente da USC, a súa planificación e xestión ten lugar a través da Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización e da Oficina de Relacións Exteriores da Universidade, en coordinación ca unidade de apoio á xestión dos centros e o responsable académico de mobilidades do centro (RAM). Ademais a Facultade conta ca colaboración de varios profesores que actúan como coordinadores académicos.

No curso 2013/14 renováronse practicamente todos os convenios indicados no autoinforme 2012-2013.

Como se recolle no Informe complementario 03, no curso 2013-2014 produciuse un lixero incremento con respecto o curso académico anterior no número de alumnos da Facultade de Bioloxía que se acolleron a programas de mobilidade, 16 estudantes en total, dos cales, 12 se acolleron ao Programa Erasmus e 4 ao Programa Sicue, estes alumnos representan o 2,52 % sobre o total de matriculados (IN17G-PC-08). Un incremento similar obtívose no número de alumnos extranxeiros que recibimos, 23 estudantes, dos cales, 17 procedían de América, 3 alumnos se acolleron ao Programa Erasmus, e 3 ao Programa Sicue, o que supón o 3,94 % sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08). A satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade foi elevada, 3,60 sobre 5 (IN15G-PC-08).

Os datos de mobilidade indican que o número de alumnos/as da nosa Facultade que se acolle aos programas de mobilidade non é moi elevado, o cal podería estar relacionado co feito de que a oferta de Universidades de destino non resulta atractiva para eles; por outra parte, pensamos que tamén pode haber unha relación directa co recorte económico que sufriron estes programas de mobilidade, xa que por exemplo no curso 2013-14 todos aqueles alumnos que se acolleron ao Programa Sicue non recibiron ningunha beca. Consideramos que sería de utilidade que o profesorado da Facultade, que en moitos casos teñen colaboracións con outras universidades, se puxeran en contacto con elas, co fin de poder establecer novos convenios, e ampliar así a oferta de Universidades de destino.

#### **BOAS PRÁCTICAS:**

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

Incrementar o número de convenios con outras universidades.

**BREVE DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS :**

### 3. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

#### 6. Recursos humanos

Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real decreto 1393/2007) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.

#### Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio

Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
---------------	---	------------	---	--------------	---	------------------------------------	---

#### Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:

Indicadores/evidencias relacionados co criterio:

Indicador		Curso 2013-2014
IN24G-PS-01	PDI con sexenios (%)	84,11
IN25G-PS-01	PDI doctor sobre PDI total (%)	96,26
IN26G-PS-01	PDI funcionario sobre o PDI total	77,57
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	6,16
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	79,61
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	31,92

No curso 2013-14 impartiron docencia no Grao 118 profesores, pertencentes a 33 áreas de coñecemento. Como se reflexa na taboa, a ratio de estudantes por profesor a tempo completo foi de 6,16, e aínda que este indicador ven aumentando lixeiramente en cada curso dende o curso académico 2009-2010 (ver Autoinforme 2012-13), creemos que o número de profesores cubre perfectamente as necesidades docentes para o correcto desenvolvemento do Grao.

Respecto a distribución de estudantes en grupos, a MVT específica que "terá que aplicarse a normativa que para tal efecto estableza a USC". Como consta no IN31G-PS-01 a media de alumnos por grupo de teoría e de 79,61, o cal se corresponde co número do módulo de docencia expositiva establecido pola USC (80 estudantes), e que difiere do establecido como óptimo na MVT (50 alumnos). A media de alumnos por grupo de docencia interactiva e de 31,92 (IN32G-PS-01), en relación con este punto temos que matizar que no Grao en Bioloxía o módulo de estudantes non é o mesmo para todas as actividades interactivas; mentras que nos seminarios o número de estudantes está entre 30 e 40 estudantes (módulo da USC, 40 estudantes), nas prácticas interactivas de laboratorio procúrase sempre que a matrícula e a planificación dos horarios o permita, non superar os 20 alumnos por grupo, xa que consideramos que este é o número máis axeitado para o correcto desenvolvemento das prácticas; aínda que en algunhas asignaturas como consecuencia dos prazos de matrícula da USC e o número de alumnos repetidores a cantidade incrementábase lixeiramente por encima dos 20 alumnos.

Prácticamente a totalidade do profesorado son doctores, aínda que esta porcentaxe reduciuse lixeiramente con respecto ao curso 2012-2013 (99,08%), estando máis cercano a valores do curso académico 2009-2010 (95,3%) (Datos incluídos no Autoinforme 2012-13). Tamén observase unha redución na porcentaxe de PDI con sexenios en relación ao curso académico 2011-2012 (89,2 %) e 2012-2013 (91,59 %), sendo o valor do curso 2013-2014 máis cercano ao rexistrado no curso 2010-2011.

Analizando o histórico recollido no Autoinforme 2012-13 en relación ca % de PDI funcionario observase como ca excepción do curso 2012-2013 onde se incrementou lixeiramente esta porcentaxe (82,57 %), hai unha tendencia ao descenso desta porcentaxe, sendo no curso 2013-14 de 77,57%. Esta diminución de PDI funcionario pode estar relacionado, ca taxa de reposición que se ven aplicando nos últimos anos.

